



Risco de Embarazo/Lactancia

A Lei 31/1995 de 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) dedica especial protección a un grupo de traballadores, os chamados traballadores especialmente sensibles. As especiais características de este colectivo, que auna grupos de traballadores moi distintos entre si (traballadores sensibilizados a determinadas sustancias ou produtos, embarazadas e lactantes, menores e discapacitados) crea un contexto no que as situacións de riscos e medidas preventivas a adoptar son moi especiais.

Concepto- situación protexida

O risco durante o embarazo e lactación natural son situacións nas que se atopan as traballadoras que debendo cambiar de posto de traballo por outro compatible ao influír este negativamente no seu estado de saúde ou na do feto, dito cambio de posto non resulte técnica ou obxetivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas, quedando o contrato ou relación laboral en suspenso nos termos establecidos no artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A os efectos da prestación económica por risco durante o embarazo ou lactación, esta situación deberá ser acreditada pola entidade xestora (colaboradora) coa a que a empresa ten concertado os riscos profesionais. É dicir o risco debe ser certificado polos servizos médicos da entidade xestora ou mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais coa que a empresa teña concertada a cobertura das contingencias profesionais, e a prestación recoñecida pola citada entidade, a través de resolución motivada.

Ámbito de aplicación

Soamente será de aplicación a embarazos de mulleres sas (suspensión de contrato ou relación laboral e prestación por risco durante o embarazo) quedando excluídos os embarazos de riscos ou aqueles outras situacións que, con orixe non profesional, puidesen incidir no embarazo ou lactación (incapacidade temporal por enfermidade común).

Competencia

O recoñecemento e abono das prestacións correspóndelle á entidade que xestiona as contingencias profesionais que na maior parte das empresas corresponde ás Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais asociadas á empresa. No caso de que a xestión non lle competa a ningunha Mutua, esta prestación será xestionada polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), que ata a Lei 3/2007 era o encargado de xestionalas.



Tramitación previa do procedemento de adaptación do posto (Protección risco de embarazo ou lactancia).-

O procedemento para obtención da prestación por risco de embarazo/lactancia terá que inicialo a o propia interesada ante a Mutualidade a que xestiona as continxencias profesionais. Se ben terá primeiramente que arranxar a súa situación laboral coa súa empresa.

En consecuencia deberá dirixir unha solicitude de adaptación do seu posto de traballo como traballador especialmente sensible e para a protección por risco de embarazo ou lactación natural ao Departamento de persoal correspondente (Servizo de Recursos Humanos da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da provincia onde radique o centro de traballo).

Neste procedemento o Servizo de Recursos Humanos pedirá ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais os informes preventivos correspondentes, e resolverá se procede ou non a adaptación, é dicir o cambio do posto.

Cando este cambio de posto resulte imposible por existir unha situación de perigo que perxudique a saúde da empregada o do seu feto, non se poida limitar aquel ou non exista posto compatible, o Departamento de persoal resolverá a non adaptación coa conseguinte declaración empresarial sobre situación de riscos durante o embarazo ou lactancia natural, ou concederá o permiso por risco durante o embarazo ou lactancia natural correspondente segundo sexa o traballador (Rex. Seguridade Social ou MUFACE)

Existe un protocolo de celeridade establecido entre os Servizos de Recursos Humanos das distintas Xefaturas Territorias e o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de xeito que se axilicen os trámites de informe e resolución neste tipo de procedementos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Servizo de Prevención de Riscos Laborais



Risco de embarazo ou de lactancia- MUFACE

Tipo de prestación:

Subsidio por risco durante o embarazo e durante a lactancia natural

Beneficiarias:

É un subsidio que poden solicitar as mutualistas que obtiveran a licencia por risco durante o embarazo.

Contía:

A contía a percibir é do 100% das retribucións complementarias devengadas no terceiro mes da licencia

Presentación da solicitude:

Plazo.-

Unha vez cumpridos os 3 primeiros meses nesta situación

Lugar.-

A mutualista poderá presentar a solicitude no Servizo Provincial de MUFACE, así como ao seu órgano de persoal ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Igualmente poderás presentar a MUFACE a traves do:

[Rexistro Electrónico Común \(REC\) da Administración Xeral do Estado.](#)

Na ligazón seguinte atopará maior información e instrucións dos pasos a seguir para facer a dita solicitude electrónica: <http://www.muface.es/content/subsidio-por-riesgo-durante-el-embarazo>.

*** Referencias legais:**

. Artigo 94 do Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo

. Artigo 13 e seguintes da [Orden PRE/1744/2010, de 30 de xuño](#), pola que se regula o procedemento de recoñecemento, control e seguimento das situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactancia natural no Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado.



Risco de embarazo ou de Lactancia -Réxime de Seguridade Social

Tipo de prestación:

Prestación económica por risco durante o embarazo e durante a lactancia natural

Beneficiarias:

É unha prestación que poden solicitar as traballadoras embarazadas ou en periodo de lactancia natural, que se atopan en situación de risco durante o embarazo ou lactancia natural durante o período de suspensión do contrato de traballo e nos supostos en que debendo cambiar de posto por outro compatible co seu estado nos termos previstos na LPRL, dito cambio non resulte técnica ou efectivamente posible ou non poida esixirse por motivos xustificadas.

Contía:

A contía a percibir é equivalente ao 100% da base reguladora correspondente, de acordo co disposto no artigo 34 do Real Decreto 295/2009 do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactancia natural.

Nacemento do dereito e duración:

A prestación por risco durante o embarazo comeza o día no que se inicia a suspensión do contrato e finaliza o día anterior ao que se inicie o permiso por maternidade tras dar a luz ou o día da reincorporación da traballadora a un posto compatible co seu estado sempre que proceda.

A prestación por risco durante a lactancia natural terá unha duración máxima ata que o/a fillo/ella cumpra os 9 meses ou cando a traballadora se incorpore ao seu posto, por desaparecer o risco que motivou esta situación, ou a outro posto compatible co seu estado na empresa.

Extinción

- Por extinción do contrato de traballo por causas legais.
- Por causar baixa no réxime da seguridade social.
- Falecemento da beneficiaria.
- Cando a beneficiaria actuase fraudulentamente para obter ou conservar o subsidio.

Presentación da Solicitud:

Deberá presentala ante algunha das oficinas da Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermedades Profesionais (Mutua Galega)

Na seguinte ligazón atopará a documentación que deberá presentar xunto a solicitude da prestación ante a Mutua ATEP:

[solicitud e documentación a presentar prestación por risco do embarazo /lactancia natural.](#)



* Referencias legais:

Subsidio Risco de Embarazo: [artigos 31 e seguintes do RD 295/2009 de 6 de marzo.](#)

Subsidio Risco Lactancia natural: [artigos 49 e seguintes do RD 295/2009 de 6 de marzo.](#)